

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

1.-Procédese a adapta-los estatutos da asociación denominada "ASOCIACIÓN Amigos da UNI " con nº de inscrición no Rexistro Provincial 2000/002258/1, de asociacións sen ánimo de lucro de Ourense e CIF G32267866.

2.-A asociación rexerese polos devanditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Ourense, rúa de Avda da Universidade nº 18, C.P. 32005 .

Artigo 3º.- A asociación en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial de Ourense .

Artigo 4º.

1.-A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.-A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º

1.-É fin principal da asociación o establecemento dun foro de reunión e contacto entre persoas relacionadas coa Universidade Laboral de Ourense.

2.-Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organizar actividades socio-recreativas en xeral.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.

1- Poderán ser integrantes da asociación tódas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan o seguinte requisito: estar relacionado/a dalgún xeito, ben no presente como no pasado, coa Universidade Laboral de Ourense

3.-Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º.

- Dentro da asociación poderán existirlas seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8º.

1.-A condición de asociado pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
- c) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.-A expulsión de asociados e asociadas nos supostos do apartado b) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º.

- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exerce-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.

2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.

4. Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela, pero están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Compartirlas finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.

2. Pagar as cotas que se establezan.

3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.

4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

5. Acatar o contido dos estatutos.

6. Ter unha boa conduta individual e cívica.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º.

1.-O **presidente** da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará 2 anos. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.-O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representa-la asociación diante de calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidi-las sesións que celebre a Xunta Directiva; presidi-las sesións da Asemblea Xeral; dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- c) Executa-los acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º.

1.-A **Xunta Directiva** estará formada polo presidente da asociación, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e 10 vocais.

2.-Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.-A Asemblea Xeral será a competente para elixi-los cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 2 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.-Os cargos cesarán na súa función por:

- a) facelemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria.
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por $\frac{3}{4}$ dos asociados reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 14º.-A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1.Programar e dirixi-las actividades asociativas.
- 2.Leva-la xestión administrativa e económica da asociación.
- 3.Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- 4.Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.
- 5.Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
- 6.Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- 7.Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- 8.Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
- 9.Propone-lo plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- 10.Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.
- 11.Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Artigo 15º.

- 1.-A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.
- 2.-Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.
O secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 16º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Artigo 17º.- A **Asemblea Xeral** de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O presidente e o secretario da asemblea serán tamén o presidente e secretario da Xunta Directiva.

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente no período que vai desde o mes de Maio ata o de Xullo. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

Artigo 20º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades.
2. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
3. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 21º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los estatutos da asociación.
2. Elixir e cesa-los membros integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
11. Tódalas competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 22º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 23º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 21º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó libro de actas e asinará o/a presidente, o/a secretario/a da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría dos presentes.

Artigo 24º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente se procederá por parte do secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 25º.- Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria

Artigo 26º.- 1. O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e

expedir certificacións dests co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 27º.- 1. O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2. O tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 28º.- Os vocais terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º.- A asociación dispón dun patrimonio de 300 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 30º.- A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá de telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, co fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 31º.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32º.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicárase a atende-las necesidades da asociación.

Artigo 33°.- Anualmente con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 34°.- Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 35°.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 36°.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 37°.- Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 38°.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 39°.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 40°.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Don José María Carballeira Anllo, na súa calidade de secretario da Asociación Amigos da UNI fai constar que os ditos estatutos modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 8 de Maio de 2004 sono para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Data, 24 de maio de 2004

O Secretario,

Asdo. José María Carballeira Anllo

MODELO III
CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ASOCIACIÓN Amigos da UNI Ó ABEIRO DA
DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA 1.B) DO REAL DECRETO 1497/2003.

D José María Carballeira Anllo, secretario da Asociación Amigos da UNI

CERTIFICO

Primeiro: Que a Asociación Amigos da UNI, inscrita no Rexistro provincial de Ourense, co número 2000/002258/1 atópase en situación de actividade e funcionamento.

Segundo: O domicilio social da asociación é o seguinte:

Rúa Avda da Universidade ,nº 18, localidade de Ourense, concello de Ourense, provincia de Ourense.

Terceiro: Os titulares dos órganos de goberno e representación son os seguintes:

Presidente/a: D. M^a Nieves Díaz González DNI nº 34935797 con domicilio en Barrocás,6-1^oA localidade Ourense , con teléfono 988252924, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

Vicepresidente/a: D.María Asunción Pérez Álvarez DNI nº 34586198 con domicilio en Rúa Nova,7 2^oD localidade Ourense , con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

Secretario/a: D.José María Carballeira Anllo DNI nº 33806698 con domicilio en Rúa da Porteliña, 46 localidade Ourense , con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

Tesoureiro/a: D. Miguel Angel González Velasco DNI nº50693307 con domicilio en Velazquez, 12 localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

Vocais:

1^o.- D.María Consuelo Velo Rodríguez DNI nº 34942731 con domicilio en Ntra Sra de la Sainza, 19-5^oD localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

2^o.- D. María Luisa Dosouto Díaz DNI nº 34929211 con domicilio en rúa río Sil, 27-3^o localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

3^o.- D. María Luisa Tesouro Campo DNI nº 34602874 con domicilio en rúa Valle Inclán, 15-8^oB localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

4^o.- D. Senén Fernández Rodríguez DNI nº 34925246 con domicilio en rúa Gregorio Fernández, 1-3^oE localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

5º.- D. José María García Tejerina DNI nº 09699849 con domicilio en Avda. de Zamora, 48 3º D, localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

6º.- D. Remedios Jareño DNI nº 34930393 con domicilio en N. Sra. da Saínza, 14-4ºC, localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

7º.- Da. Emilia Fernández Gómez, DNI nº 34589746, con domicilio en Emilia Pardo Bazán, 38-2º, localidade Ourense, con data de nomeamento Xuño 2000 duración do mandato Xuño 2005.

8º.- D. Ramiro Sánchez Varela DNI nº 52483768 con domicilio en Reboreda,23 portal A 2ºA localidade Ourense, con data de nomeamento Maio 2004 duración do mandato Xuño 2005.

9º.- D. Santos Paisán Cerezo DNI nº 131164931 con domicilio en Avda da Universidade,47- 4ºA localidade Ourense, con data de nomeamento Maio 2004 duración do mandato Xuño 2005.

10º.- Da. Nuria Fornos Boo, DNI nº 34982677, con domicilio en Padre Sarmiento, 2-6º C, localidade Ourense, con data de nomeamento Maio 2004 duración do mandato Xuño 2005.

Xuntándose de todos eles as correspondentes copias dos seus DNI.

O presente certificado emíttese para a súa presentación no Rexistro de Asociacións ó abeiro do disposto na disposición transitoria única do Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro.

Ourense, vintecatro de maio de 2004

(sinatura do secretario)

Visto e prace
O presidente da asociación

Asdo:.....

MODELO II

**CERTIFICADO DA ACTA DA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA
"ASOCIACIÓN Amigos da UNI"**

D. José María Carballeira Anllo, secretario da Asociación Amigos da UNI

CERTIFICO

Primeiro: Na localidade de Ourense, o día 8 de Maio do ano 2004 ás 16.30 horas, reuníronse 30 persoas (nº de persoas), todas elas integrantes da Asemblea Xeral da

Asociación Amigos da Uni, convocada con data 15 de Marzo de 2004, para os efectos de adapta-los seus estatutos á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo. Existe quórum suficiente ó estaren presentes ou representados 75 (% de asociados que están presentes sobre o total dos que integran a asociación) de acordo co artigo 22 dos vixentes estatutos.

Segundo: A Asemblea Xeral Extraordinaria adoptou por 30 votos a favor o acordo de adapta-los novos estatutos da asociación á nova Lei orgánica 1/2002.

Este certificado emíttese para a súa presentación no Rexistro de Asociacións ó abeiro do disposto na disposición transitoria única do Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro.

Ourense, vintecatro de maio de 2004

(sinatura do secretario)

Visto e prace
O presidente da asociación

Asdo:.....

MODELO I

PROCEDEMENTO ADAPTACIÓN DE ESTATUTOS L.O. 1/2002	CÓDIGO DO PROCEDEMENT ○ X1713A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

Don/Dona María Nieves Díaz González, DNI 34935797,
 maior de idade, veciño/a de Ourense, con domicilio na rúa Barrocás, 6-1º A,
 tfno.: 988252924
 na súa condición de presidente da entidade Asociación Amigos da UNI
 inscrita co nº 2000/002258/1 na Sección Primeira do Rexistro Provincial de
 Asociacións
 con domicilio Avda. Universidade, 18 e NIF G32267866

EXPÓN:

Que para dar cumprimento ó disposto na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002 e disposición transitoria única do R.D 1497/2003, pretende a adaptación dos estatutos da asociación que representa e xunta co presente escrito, a seguinte documentación:

- Dous exemplares dos estatutos modificados asinados en tódalas follas pola Xunta Directiva.
- Acta ou certificado da acta na que se toma o acordo de adaptación á Lei orgánica de asociacións.
- - Certificado do secretario no que se faga constar :
 - 1º que a entidade se atopa en situación de actividade e funcionamento
 - 2º domicilio social
 - 3º identificación dos titulares dos órganos de goberno e representación.
- Copia dos DNI dos membros da Xunta Directiva
- Xustificante do pagamento da taxa administrativa segundo a lexislación vixente

SOLICITA:

Que, de conformidade co establecido no artigo 22 da Constitución e demais normativa vixente así como a documentación presentada, inscriba a adaptación da asociación

LEXISLACIÓN APLICABLE

ESTATAL: Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo
 Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	Nº EXPTE
	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
SAIDA	DATA DE

AUTONÓMICA: Decreto 336/1996, do 13
de setembro

Decreto 276/1997, do
25 de setembro

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE
O REPRESENTA

_____ de
_____ de _____

**ILMO/A SR/SRA. DELEGADO/A PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E
ADMINISTRACIÓN LOCAL DE OURENSE**